

PRINCIPIOS DE IDENTIDADE.

O C.E.I.P. Frions maniféstase ideoloxicamente como:

- PLURALISTA na medida en que non excluírá a ninguén por mor da súa procedencia, relixión, ideoloxía, nivel económico ou social, e ofrecendo unha formación ética, cívica e moral baseada nos Dereitos Humanos libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada.

- ACONFESIONAL. Daranse ao alumnado informacións o máis obxectivas posibles para que, progresivamente, vaian formando os seus propios criterios e analizando a realidade poidan tomar decisións propias e responsables.

-DEMOCRÁTICO tanto en canto aos valores educativos a transmitir como a xestión do centro, polo que as actitudes, valores e normas a desenvolver estarán baseadas no respecto e liberdade, no exercicio da tolerancia dentro dos principios democráticos de convivencia e nun ambiente de traballo responsable e solidario que posibilite a realización persoal de cada membro da comunidade educativa.

De acordo con estes principios, toda persoa que traballe no centro evitará a propaganda no seu interior.

II.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

2.1. ANÁLISE CONTEXTUAL

O CEIP de Frions está situado no concello de Riveira, aproximadamente a 2km do centro urbano. Segundo a delimitación de zonas educativas do Concello, este centro educativo ten asignadas as seguintes:

- *O lugar de Frions.*
- *Parroquia de Santa Uxía de Riveira, excepto:* Praza dos Mariñeiros, Cervantes, Pombal, Castelao, Cabanillas, Irmandiños, P. Sarmiento, Barbanza, R. Dieste, Habana, Fondevila, Lepanto, Cochón, avda. García Bayón, avda. do Malecón, avda. da Coruña, avda. de Ferrol, Paseo das Carolinas, Vial Novo, zona do Caramcheiro ata as Saiñas e rúas transversais destas zonas. Incluiríanse tamén nestas excepcións as zonas de Deán Grande, Deán Pequeño e a Coenlleira.
- *Rúas de:* Nove de agosto, desde os números 55/44; Manzanares, desde os números 27/26; Romero Ortiz, números 27/28, e Valle Inclán desde os números 17/14.

Nembargantes a maior parte do alumnado pertence a outras zonas educativas das antes sinaladas. Así, hai unha elevada porcentaxe procedente de Deán e que por razóns familiares ou de tradición segue a preferir este colexio. Do mesmo xeito, acode outra porcentaxe moi alta de alumnado do casco urbano, porque no momento de incorporación no centro que lles correspondía (O Grupo) non había prazas vacantes.

Do anterior dedúcese que ao CEIP de Frions acode alumnado de distintas zonas educativas, cunha elevada proporción de alumnado emigrante e de minorías étnicas, e moi heteroxéneo en canto a expectativas. Entre a ocupación das familias predomina o sector primario e o terciario, e maioritadamente o seu nivel económico é medio-baixo.

Unha elevada porcentaxe do noso alumnado necesita algún tipo de reforzo educativo para seguir o currículo propio de cada etapa, ben polas súas propias características de aprendizaxe, pero tamén pola tardía incorporación ao sistema educativo galego (no caso da poboación emigrante), ou ben polo absentismo que manifesta unha boa parte do alumnado de minorías étnicas, ao que tamén hai que engadir as baixas expectativas educativas e culturais para con eles das súas familias.

Segundo a análise da poboación da zona , no CEIP de Frions debería aumentar a matrícula cada curso, algo que non está a suceder debido esencialmente a:

- A propia ubicación do centro de difícil acceso, que implica que haxa que realizar catro viaxes ao día e nalgúns casos sen dereito a transporte.
- Tamén pola existencia de dous centros concertados na mesma zona educativa.

2.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Segundo a Orde do 31 de xullo de 2009 pola que se regula o número de unidades nos centros públicos de Galicia, o CEIP de Frions consta de tres unidades de educación infantil e catro postos de traballo, e 6 unidades de educación primaria e 7 postos de traballo. Asemade tamén conta cun mestre especialista para impartir as ensinanzas de educación musical, educación física, lingua inglesa, lingua francesa, pedagogía terapéutica e orientación compartido.

Unha das características deste centro é a extraordinaria mobilidade do profesorado. Por tanto, faise necesario unha regulación de obxectivos, contidos e estrutura organizativa que, dentro da flexibilidade que todo proxecto supón, sexa o eixe vertebral da nosa comunidade educativa ao longo do tempo.

III.- ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.

3.1.- Calendario e xornada escolar.

Este centro aterase ao fixado para cada curso pola Consellería de Educación e O. U. O calendario exporase no taboleiro de anuncios do centro e será de obrigado cumprimento. Calquera modificación terá que ser aprobada polo Consello Escolar, logo do informe favorable do Claustro, e solicitada desde a dirección do centro á Xefatura Territorial de Educación.

As actividades escolares lectivas realizaranse de luns a venres durante cinco horas diarias no número de sesións que prescriba a Programación Xeral Anual.

O CEIP de Frions ten xornada partida cun horario de 10:00 a 13:00 horas polas mañás e de 15:00 a 17:00 polas tardes. Calquera modificación deste horario terá que ser aprobada polo Claustro, Consello Escolar e Xefatura Territorial, nesta orde, e de acordo coa lexislación vixente.

3.2.- Organización xeral de espazos.

Na planta baixa sitúanse a conserxería, dirección, biblioteca e sala do profesorado, así como un ximnasio no local que de principio ía destinarse a comedor. Tamén existen tres pequenas dependencias (antigos departamentos) que están a usarse como despacho do Departamento de Orientación, almacén de material e oficina para os membros da asociación de nais e pais. Hai tamén aseos con duchas, a sala da calefacción e unha dependencia que a ANPA está a utilizar como comedor escolar.

No primeiro andar priorízase a ubicación dos cursos máis baixos para reducir riscos por mor de que os máis pequenos non teñan que subir e baixar tantas escaleiras. No que antes era o laboratorio, habilitouse unha sala de lectura, se ben aínda hai material da función que tiña esta sala.

No segundo andar sitúanse as aulas dos cursos máis altos, así como informática, audiovisuais, música, inglés e as aulas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe pois nestes dous últimos casos os rapaces soben e baixan sempre acompañados polo profesorado respectivo.

En calquera caso, esta distribución de espazos non ten por que ser definitiva, senón que por motivos de índole pedagóxica, seguridade, etc., poderase variar a localización de calquera dependencia cando así o solicite algún dos membros do Claustro cunha base lóxica e razoada, e sen prexuízo para outros membros da comunidade educativa.

3.3.- Libros de texto e outros materiais curriculares.

O Centro aterase ás normas fixadas pola Administración nas que se estableza a lingua a utilizar nos libros de texto e outros materiais curriculares.

Os libros de texto non poderán ser substituídos antes de transcorrer un mínimo de catro anos, agás que, por circunstancias excepcionais ou de carácter pedagóxico ou científico, sexa aconsellable. De ser así, tería que ser acordado previamente polo Claustro e posteriormente polo Consello Escolar.

Calquera decisión ou iniciativa sobre a implantación de libros de texto ou materiais curriculares realizarase por proposta do equipo de ciclo, estudada pola comisión de coordinación pedagóxica e aprobada polo Claustro e comunicada ao Consello Escolar. Asemade, a asociación de pais deberá ser informada dos libros de texto e materiais adoptados polo Centro.

A relación de libros de texto e material didáctico curricular publicarase no taboleiro de anuncios do Centro antes do quince de xuño de cada ano, e tamén no sitio web oficial do centro.

3.4.- Réxime administrativo.

O secretario será o responsable de ordena-lo réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director, así como de levantar as actas das reunións dos órganos colexiados de goberno e da

comisión económica, de custodiar os arquivos do centro, expedir as certificacións co visto e praxe do director, manter actualizado o inventario xeral do centro e os actos administrativos que a lexislación vixente lle atribúa.

A carón da porta de entrada principal figurará un letreiro no que consta a denominación xenérica e específica do centro, así como a pertenza á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

En toda a documentación oficial expedida polo centro figurará un encabezado no que consten, xunto co escudo, todos os datos oficiais segundo a normativa en vigor.

A denominación actual deste centro é a de “CEIP de Frións”. Para unha futura modificación, será necesario a maioría dos dous terzos do Consello Escolar e informe favorable do Pleno do Concello.

O selo de cotexo só poderá ser utilizado polo secretario e, se é o caso, polo director, para aqueles documentos orixinais que emita ou deban ser presentados.

No centro existirán polo menos dous taboleiros de anuncios: un na sala do profesorado nos que se expoñerán as informacións de carácter xeral ou sindical, e outro no vestíbulo do colexio para ofrecer información sobre a organización do centro a toda a comunidade educativa.

3.5.- Conservación e seguridade das instalacións.

De acordo coa Disposición adicional 15ª da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, correspóndelle ao Concello de Ribeira a conservación, mantemento e vixancia do edificio e demais instalacións do centro, e á Consellería de Educación e O.U. a súa mellora.

O concello de Ribeira ten asignado un conserxe con vivenda anexa para este centro educativo, para unha maior seguridade e eficacia no mantemento das instalacións. Así mesmo, todos os membros do Claustro velarán polo bo estado do centro educativo, sen prexuízo da colaboración de todos os membros da comunidade educativa.

3.6.- Prevención de drogodependencias.

Consideraranse dentro deste apartado tanto as drogas coñecidas de sempre con este nome, como as de síntese, o tabaco, o alcol, medicamentos, disolventes ou calquera substancia que poida producir dependencia e dano para a saúde. Equipo directivo e resto do Claustro velarán por proporcionar unha formación axeitada ao alumnado, para evitar que no futuro sexan consumidores, incluíndoa dentro dos contidos transversais de educación para a saúde.

En calquera caso, como edificio público, estará totalmente prohibido o tabaco, tanto no interior do centro coma nos patios.

3.7.- Plan de autoprotección do centro.

Existe un plan de autoprotección do centro aprobado polo consello escolar no ano 2009 e que pola súa extensión non procede incluílo neste documento (está incluído no noso Regulamento de Réxime Interno). A modo de síntese, as actuacións previstas ao longo do curso serán as seguintes:

1º TRIMESTRE		
SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none">- Entrega do Plan de autoprotección e das fichas sobre análise das necesidades. (Tamén representantes de nais e pais)- Elección das persoas responsables para a Xunta de autoprotección.	<ul style="list-style-type: none">- Primeira quincena. - Primeiro claustro.

<p>OUTUBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Análise das necesidades. Inclusión na PXA e documentos organizativos do centro. - Solicitudes aos organismos competentes. - Reparto follas informativas: primeiros auxilios, normas transporte, proxecto “E por que?, Alerta Escolar... 	<ul style="list-style-type: none"> - Claustro e Consello Escolar. - Equipo directivo, ANPA... - Coincidindo coas primeiras reunións coas familias.
<p>NOVEMBRO DECEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de formación de usuarios co corpo de bombeiros sobre prevención e utilización do material. - Realización dun simulacro de incendio. - Avaliación do simulacro: tempo e deficiencias observadas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado, alumnado e persoal non docente. - Xunta de Autoprotección.

2º TRIMESTRE

XANEIRO

- Sistematización das observacións e das deficiencias detectadas na posta en práctica do Plan durante o primeiro trimestre.

- Equipos de ciclo e comisión de coordinación pedagóxica.
- Xunta de Autoprotección.

FEBREIRO

- Análise das necesidades a partires dos datos da avaliación continua.
- Reclamacións aos organismos competentes.

- Claustro e Consello Escolar.
- Equipo directivo, ANPA...

MARZO

- Realización dun simulacro de incendio.
- Avaliación do simulacro en relación ao realizado no mes de decembro.

- Profesorado, alumnado e persoal non docente.
- Xunta de Autoprotección.

3º TRIMESTRE

ABRIL

- Sistematización das observacións e das deficiencias detectadas na posta en práctica do Plan durante o primeiro e segundo trimestres.

- Equipos de ciclo e comisión de coordinación pedagóxica.

- Xunta de Autoprotección.

MAIO

- Análise das necesidades a partires dos datos da avaliación continua.

- Claustro e Consello Escolar.

- Reclamacións aos organismos competentes.

- Equipo directivo, ANPA...

XUÑO

- Realización dunha memoria, a partires dos datos das avaliacións continuas, dos datos obxectivos dos traballos realizados e das enquisas realizadas entre os diferentes sectores da comunidade educativa.

- A realizar pola Xunta de Autoprotección, cos datos dos distintos sectores, para ser presentada ante o claustro e o consello escolar.

- Propostas de mellora.

En todas as dependencias do centro estará ben á vista unha folla co itinerario de evacuación.

3.8.- Uso das instalacións escolares.

Para a utilización das instalacións deste centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do mesmo, presentarse solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección educativa. Para uso ocasional e con carácter excepcional, a dirección poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

O uso das instalacións por parte da ANPA, asociacións de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, require a solicitude previa á dirección do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia das devanditas institucións, sempre e cando non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións deste centro poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia, etc.

IV.- FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO.

- Potenciar unha metodoloxía integradora, activa e participativa na que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade, partindo da realidade máis próxima ao alumnado.

- Ofrecer contidos de aprendizaxe significativos para o alumnado que desenvolvan as competencias básicas e que estean relacionados cos esquemas de coñecemento que xa teñan incorporados.
- Desenvolver no alumnado unha competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Estimular procesos educativos mediante o uso de materiais multimedia, preparando ao alumnado para o uso dos mesmos, así coma tamén promover a sistematización do seu uso entre o profesorado nas distintas áreas.
- Promover procesos de integración escolar das minorías culturais.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe, capacidades, calidades e circunstancias persoais de todo o alumnado, adecuando as nosas accións a tal fin (reforzos educativos, adaptacións curriculares...).
- Favorecer a aprendizaxe cooperativa mediante agrupamentos equilibrados, evitando calquera tipo de discriminación e favorecendo a igualdade de oportunidades. En ningún caso poderá ser criterio de agrupamento permanente dos alumnos a capacidade intelectual ou o rendemento escolar.
- Respetar e valorar as calidades persoais de cada un dos membros desta comunidade educativa, así como as súas aportacións á mesma.
 - Promover hábitos de traballo en equipo no profesorado, fomentando que todos os membros da comunidade escolar traballen e convivan de forma harmoniosa para facer o proxecto educativo máis viable.
 - Lograr que a educación axude a superar desigualdades, xa sexan físicas, psíquicas, económicas, sociais, etc., e que favoreza o máximo desenvolvemento das capacidades e valores individuais.
 - Conseguir un entorno acolledor que posibilite un ambiente de traballo responsable e solidario e favoreza a realización persoal de todos os membros da comunidade educativa.
 - Fomenta-lo sentimento de identidade europea, acorde coas orientacións do Parlamento Europeo e co sentido universal que

supón vivir na "aldea global" na que se está a converter o mundo actual.

- Establecer relacións sistemáticas de colaboración e coordinación coa administración local e autonómica, así como co resto de centros de ensino da zona.
- Distribuír equitativamente a través da comisión económica os fondos do centro a partir dos proxectos presentados por calquera órgano, e considerando as prioridades establecidas no claustro e consello escolar.

V.- PROXECTO LINGÜÍSTICO

VI.- OFERTA DE ASIGNATURAS OPTATIVAS.

De acordo co decreto 130/2007 do 28 de xuño polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia, a comezos de cada curso os pais manifestarán se os seus fillos van recibir ou non ensinanzas de relixión. No CEIP de Frions ofértase a posibilidade de escoller entre relixión, evanxélica ou católica, ou ben actividades alternativas ao estudo da relixión, que nunca serán clases complementarias ao establecido no currículo.

En canto aos idiomas, segundo o número de liñas deste centro, hai unha praza de lingua francesa e outra de lingua inglesa. Para optar pola aprendizaxe dunha ou outra lingua, observarase o disposto na Orde que o regule

VII.- OFERTA DE SERVIZOS.

Hai tres liñas de transporte escolar co correspondente acompañante; para que o alumnado poida ser usuario deste servizo, seguirase o disposto no punto 2 do capítulo VIII da Orde de ..., de 2007 e o artigo 38º da Orde de 17 de marzo de 2007 pola que se regula a admisión de alumnos. Tamén poderá ser usuario o alumnado derivado ao CEIP de Frions pola comisión de escolarización do concello de Riveira que non ten praza no centro que pola zona educativa lle corresponde.

Os casos excepcionais para a utilización deste servizo complementario, deberán ser autorizados pola Xefatura Territorial de Educación.

O servizo de comedor está xestionado pola ANPA pola modalidade de contratación c), artigo 2º da Orde de 22 de febreiro de 2007. As normas para o seu uso, así coma o seu funcionamento que anualmente se solicitará á Xefatura Territorial de Educación, serán responsabilidade da ANPA, e deberán ser aprobadas polo claustro e o consello escolar do CEIP de Frions.

O concello de Riveira é o encargado do servizo de mantemento e limpeza (Disposición adicional 15ª da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio).

VIII.- COLABORACIÓN COS SERVIZOS EDUCATIVOS E SOCIAIS E DO CONCELLO.

A actuación do CEIP de Frions neste eido estará marcada polos seguintes principios:

-Notificación das necesidades en canto a conservación e mantemento do centro educativo.

-Divulgación e promoción entre a comunidade educativa das distintas actividades culturais organizadas polo concello de Riveira.

-O departamento de orientación e a dirección, porán en coñecemento dos Servizos Sociais do Concello as necesidades do alumnado que se lle remitan xustificadamente desde as titorías, tanto de absentismo escolar, coma socioeconómicas, ou ben calquera outra circunstancia que poida ser obxecto de seguimento por parte deste servizo.

En calquera caso, un dos membros do noso Consello Escolar representa ao concello de Riveira.